

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 18/12/2019 13:53:50

SAIDA

13685/19

Reclamante:

Expediente. Nº RSCTG 153/2019

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por

, mediante escrito do 28 de outubro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 17 de decembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.

presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 28 de outubro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a resolución da Secretaría Xeral de Medios do 2 de outubro de 2019, pola que se lle concede acceso á información referente a contratos, convenios, pagos con fondos públicos ou concesións de calquera tipo que sexan responsabilidade da Xunta de Galicia ou as súas entidades dependentes relacionados con GOOGLE, ou empresas intermediarias ou outras que contratan con administracións públicas patrocinio ou publicidade en Google, así como calquera tipo de relación da Xunta de Galicia con Twitter.



O reclamante considera na súa reclamación que é falso que non existan relacións entre a Xunta de Galicia e Google porque, como mínimo, a Xunta de Galicia mantén actualmente 33 aplicacións para teléfonos móbiles Android en Google Play e se o sistema contable da Xunta de Galicia non rexistra nada respecto diso, existen indicios racionais de irregularidades. Se a Xunta de Galicia non é quen paga a Google por esas " APPs", sería un indicio racional de criminalidade.

A resolución límitase a ao rexistrado na contabilidade ignorando convenios sen pagos ou pagos con fondos derivados por intermedio ou subcontratación doutras empresas.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude e da resolución que se recorre. A petición da secretaría da Comisión da Transparencia, a entidade reclamante presentou certificación do Registro Nacional de Asociaciones no que se acredita que o reclamante é o representante legal da Asociación.

Segundo. Con data 5 de Novembro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 15 de novembro de 2019.

Terceiro. Con data 22 de novembro de 2019 Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que por considerar que a solicitude de información alcanza a expedientes da Comunidade Autónoma debe ser a propia Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a que informe sobre posibles expedientes de gasto que afecten ás entidades relacionadas na solicitude. De acordo co anterior solicitouse informe á Intervención Xeral de la Comunidade Autónoma, que con data do 2 de outubro de 2019, contesta manifestando que non existen anotacións contables relativas a ningunha das entidades mencionadas na solicitude.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición

adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder



públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta no expediente remitido, a resolución impugnada é do 2 de outubro de 2019 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 28 de Outubro de 2019, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O acceso á información pública está configurado na Lei como un dereito de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e, especialmente, o concepto de información pública e, por tanto o posible obxecto dunha solicitude de información que a Lei consagra é todo contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións. Este feito, entender que pode ser obxecto dunha solicitude de información calquera información que posúa o organismo ou entidade ao que se dirixa a mesma así como que non sexa necesario motivar a solicitude, polo que non está vinculada á

titularidade dun interese por parte do solicitante, fai que deba estar suficientemente motivada a denegación da información solicitada.

Con todo, é necesario lembrar que o obxectivo final da Lei é o escrutinio da acción pública, e iso mediante o coñecemento do proceso de toma de decisións como medio de rendición de contas dos responsables públicos. Dende esa perspectiva deben ser analizadas as solicitudes de acceso á información que teñan o seu amparo na mesma.

A entidade interesada solicitou os contratos, convenios, pagos con fondos públicos ou concesións de calquera tipo da Xunta de Galicia ou as súas entidades dependentes relacionados con Google, tanto directamente, como a través de empresas intermediarias ou outras que contratan con administracións públicas patrocinio ou publicidade en Google nos que se fagan uso de recursos públicos, e calquera tipo de relación que teña, houbera tido ou estea orzamentado ou previsto que teña a Xunta de Galicia con Twitter, relativos a publicidade institucional, ou convenios formais ou informais. O contido da solicitude é evidentemente as relacións de carácter económico existentes entre a Xunta de Galicia e Google e Twitter.

Ante unha petición sobre relacións de carácter económico da Xunta de Galicia con determinadas empresas, a Secretaría Xeral de Medios solicitou informe do departamento que tramita os expedientes de gasto que puideran afectar ás entidades relacionadas, que é a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma. O dito departamento, informou con data do 2 de outubro de 2019, que non existen anotacións contables relativas a ningunha das referidas entidades.

De acordo co concepto de información pública na normativa de Transparencia, as solicitudes de acceso deben estar baseadas en información xa existente e dispoñible por un organismo ou entidade dos suxeitos á Lei no momento en que se produce a solicitude e, ademais, debe ser información elaborada ou adquirida no exercicio das súas competencias. No presente caso, e de acordo co informe da Intervención Xeral que consta no expediente, non existe ningún tipo de relación económica entre a Xunta de Galicia e as referidas empresas. Sen embargo, a resolución da Secretaría non se pronuncia sobre a posible existencia de contratos, convenios ou calquera outro tipo de relación que poida ter a Xunta de Galicia coas referidas empresa e que careza de contido económico.

De acordo co anterior, debe estimarse parcialmente a reclamación presentada, debendo a Secretaría Xeral de Medios informar de forma expresa ao solicitante, da existencia ou inexistencia de calquera tipo de relación sen contido económico que poida existir.

Por outra banda, se o reclamante considera que existe algún tipo de irregularidade na tramitación de contratos, subvencións ou en calquera outro procedemento administrativo en relación coas referidas empresas, deberá iniciar as accións que considere oportunas.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro .- Estimar parcialmente a reclamación presentada por [REDACTED] con data 28 de Outubro de 2019, contra a resolución da Secretaría Xeral de Medios do 2 de outubro de 2019, pola que se lle concede acceso á información referente a contratos, convenios, pagos con fondos públicos ou concesións de calquera tipo que sexan responsabilidade da Xunta de Galicia ou as súas entidades dependentes relacionados con GOOGLE, ou empresas intermediarias ou outras que contratan con administracións públicas patrocinio ou publicidade en Google, así como calquera tipo de relación da Xunta de Galicia con Twitter.

Segundo: Instar á Secretaría Xeral de Medios, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Secretaría Xeral de Medios a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada ao reclamante. Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2019

76706870F Firmado digitalmente
 por 76706870F MARIA
MARIA DOLORES DOLORES FERNANDEZ
FERNANDEZ (R: S6500009C)
S6500009C) (R: S6500009C)
 Fecha: 2019.12.18
 12:21:34 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.